

50 anos de Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela

JUAN M. VIAÑO

Catedrático e Decano da Facultade de Matemáticas

A celebración do 50 aniversario da implantación da Licenciatura de Matemáticas na nosa Universidade é unha oportunidade para voltar a vista atrás, facer memoria do camiño percorrido e coller folgos para encetar o futuro. A exposición retrospectiva aberta na nosa Facultade danos unha magnífica ocasión para facer este exercicio de memoria que debemos aos nosos devanceiros. Nestas liñas pretendemos facer unha síntese desa ollada ao pasado e ao futuro.

A creación da Sección de Matemáticas, na Facultade de Ciencias da USC ten a súa orixe na creación 1945, dentro do Observatorio Astronómico, a Sección de Astronomía Teórica e Matemática "Durán Loriga", sendo impulsor e primeiro director o profesor Enrique Vidal Abascal.

As actividades da Sección comezaron no curso 1957-58 en Mazarelos, no edificio da Facultade de Xeografía e Historia. Os primeiros profesores foron o catedrático de astronomía, Ramón M. Aller, o catedrático de universidade Enrique Vidal e a axudante, Antonia Ferrín. Entre os docentes que se incorporaron á Sección mais tarde debemos citar a Eduardo García-Rodeja Fernández (curso 60-61) pola súa influencia no futuro da Facultade.

En 1962 a sección trasladouse á Facultade de Ciencias (actual Facultade de Química). A celebración do 50 aniversario da sección, coincide co 30 aniversario da creación da Facultade, que tivo lugar no curso 1977-78 e cos 25 anos do traslado ao actual edificio no Campus Sur que tivo lugar no ano 1983. Edificio malfadado que ten condicionado a vida académica nestes anos e que xa resulta escaso para os investigadores.

O primeiro Decano da Facultade foi o profesor Enrique Vidal Abascal ata súa xubilación en 1978. Nos anos sucesivos foron Decanos, Eduardo García-Rodeja, Xosé María Masa, José Luis Freire, Celso Rodríguez, Enrique Macías e Juan M. Viaño.

Actualmente, son 90 os profesores e investigadores da Facultade repartidos en 5 Departamentos. A súa biblioteca, con 27.000 volumes, 300 revistas en sala e acceso electrónico a case 600, está considerada como unha das mellores de España.

Nestes 50 anos, son mais de 2.500 os licenciados saídos das aulas da Facultade e un total de 210 doutores (dos que exactamente un terzo son mulleres). Muller tamén é autora da primeira tese lida na sección: foi no ano 1963, a súa autora Antonia Ferrín e so seu director Ramón Aller. Neste tempo foron outorgados 2 doutoramentos Honoris Causa

propostos pola Facultade: en 1989 o matemático francés J.L. Lions, chamado “pai da matemática aplicada” e en 2008 o probabilista alemán W. Stute.

Na década de 1980 iniciase unha masificación xeneralizada nos estudos universitarios. Na Facultade alcanzáronse cotas históricas de demanda no curso 1996-97 con 271 alumnos novos e 1182 alumnos matriculados. A porcentaxe de mulleres estaba en torno ao 65%. Na última década do século XX, o promedio de licenciados por ano era de 113 cun pico de 173 licenciados no curso 2000/01. Dez anos máis tarde nótase o descenso de alumnos nas universidades. No curso actual 2007-08 entraron 72 alumnos novos e a Facultade ten 340 matriculados. A porcentaxe de mulleres baixou ata o 52%. Nos últimos 6 anos temos un promedio de 50 licenciados/ano.

Se ben a docencia nos niveis de secundaria foi a saída da case totalidade dos licenciados en Matemáticas ata principios dos noventa, nos últimos cinco anos este campo só absorbe o 45% dos licenciados galegos, en tanto que o resto fano nos ámbitos da empresa e laboratorios de I+D de distintos campos da actividade produtiva. Os estudos de inserción laboral realizados nos últimos anos proporcionan resultados concluíntes: a incorporación dos titulados en matemáticas ao mercado laboral é un proceso moi rápido; despois de 2 anos o índice de desemprego é só do 5%. Ademais, o 52% obtén un emprego estable en menos de 6 meses e en 2 anos a porcentaxe alcanza o 80,9%.

A Facultade de Matemáticas da USC é pioneira na adaptación dos seus estudos ao Espazo Europeo de Educación Superior, pois será unha das 3 Facultades españolas que o vindeiro curso 2008/09 comezarán a impartir o novo título de Grao en Matemáticas. Neste momento na Facultade impártense 3 programas de doutoramento, con 2 títulos de máster de perfil profesional-investigador (Enxeñaría Matemática e Técnicas Estatísticas). Un terceiro Máster en Matemática Avanzada, de carácter investigador, deberá implantarse no curso 2009/10.

A investigación matemática galega atópase nestes momentos a un gran nivel, tanto polo número e a calidade das publicacións científicas, como pola gran cantidade de contratos estables de transferencia dos resultados de investigación a empresas, centros tecnolóxicos e institucións públicas, así como tamén por proxectos de investigación competitivos e o crecente apoio das administracións nacionais e autonómicas, conscientes desa realidade.

Coincidindo co este 50 aniversario, Galicia foi elixida como unha das 4 sedes do Instituto Español de Matemáticas (IEMath) creado polo Ministerio de Educación e Ciencia como unha das accións estratéxicas do Plan Nacional de Matemáticas. Foi feita en competencia con outras ofertas de distintas comunidades autónomas en base a unha proposta avalada economicamente pola Dirección Xeral de I+D+i, co apoio de máis de 70 institucións de investigación de toda Galicia e unha proposta científica dun equipo promotor de 10 matemáticos das 3 universidades de Galicia. Esta decisión supón un recoñecemento a matemática galega no seu conxunto que suporá un salto cualitativo de envergadura nos vindeiros anos.

En resumen, cunha Facultade de prestixio crecente, pioneira na adaptación dos seus estudos de grao e de postgrao á nova realidade europea, e cunha das 4 sedes do IEMath, as Matemáticas en Galicia están, 50 anos despois, ante unha magnífica oportunidade para ensanchar os seus logros ata límites que os nosos antepasados nunca puideron soñar. Estou seguro que a gran familia dos matemáticos e das matemáticas de Galicia non desperdiciará esta oportunidade. Será a mellor homenaxe que podemos render aos pioneiros que loitaron por implantar os estudos universitarios de Matemáticas, que eran, son e serán imprescindibles para o progreso da sociedade.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2008



Logotipo do 50 aniversario



Edificio da Facultade de Matemáticas,
Campus Sur-Santiago de Compostela



Juan M. Viaño,
Decano da Facultade